



Dona KATHERINIE VARELA FERNANDEZ, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO A HABILITAR UNHA ZONA DE BAÑO PARA ESTE VERÁN.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En Febreiro de 2023, a tres meses das eleccións municipais, o Alcalde de Monforte presenta un proxecto faraónico, que se convertirá no seu proxecto estrela durante a campaña, para dotar a Monforte de Lemos dunha Praia Fluvial de preto de cinco millóns de euros.

Nesa mesma rolda de prensa, recoñecía que tardaría tres anos en executar o proxecto, a causa dos trámites burocráticos. Polo que o Alcalde xa avanzaba que o que anunciaba novamente podería ser fume.

Tres anos despois do anuncio efectuado, deberían estar rematados os trámites burocráticos, e deberíamos ver comezada a execución de obras. O certo que non hai nada de momento, mais que esbozos insuficientes e moitas culpas a outras administracións do que non é capaz de facer este equipo de goberno.



Pero os monfortinos non precisan de proxectos faraónicos non acordes a nosa cidade, precisan un río coidado e saneado, para poder desfrutar do mesmo, como en épocas pasadas.

O certo é que un ano máis, todo apunta a que os monfortinos quedarán un verán máis sen ter unha zona de baño autorizada polas administracións competentes e xestionada polo concello para combater as altas temperaturas que soen acompañarnos.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte proposta de acordos para o seu debate e aprobación no Pleno da Corporación Municipal:

- Instar a o equipo de goberno a habilitar unha zona de baño autorizada polas autoridades competentes e xestionada polo concello para este veran en Monforte de Lemos.